



Concello do Grove

DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERROS

Detectado un erro nas Bases para PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME DE INTERINIDADE DUN POSTO DE ENXEÑEIRO/A DE EDIFICACIÓN no Concello do Grove

RESOLVO:

1. Avocar singularmente a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por resolución do 12 de xuño de 2015 por razón de urxencia.

2. Corrixir no punto 6º das Bases, a composición da Comisión de Selección, indicando que estará formada por:

Presidente/a: un funcionario/a de carreira.

Secretario/a: o secretario municipal ou o/a funcionario/a que o substitúa.

Vogais: Un funcionario de carreira especializado.

3. Anexionar os seguintes puntos nas citadas bases:

6.1.2 Proba de lingua galega: no caso de que a persoa aspirante non posúa o certificado de lingua galega nivel 4 (Celga 4) ou equivalente, e sempre que pasase o primeiro exercicio desta fase, terá que superar unha proba de galego (oral ou escrita) coa cualificación de apto/a. As persoas aspirantes que acrediten posuír, no prazo de presentación de instancias, o certificado de lingua galega nivel 4 (Celga 4) ou equivalente estarán exentas de realizaren esta proba de galego.

6.2 f) Posuír, no prazo de presentación de instancias, o Curso de linguaxe administrativa galega nivel medio: 0,20 puntos. No caso de posuír o Curso de linguaxe administrativa galega nivel superior: 0,40 puntos. Só se valorará o nivel máis alto presentado, é dicir, ata un máximo de 0,40 puntos.

4. Publicar este anexo das bases na Sede Electrónica e no Taboleiro de anuncios do Concello do Grove, así como no *BOP* de Pontevedra, ampliando o prazo de presentación de instancias en cinco días hábiles máis.

O Grove, data e sinatura dixital

O alcalde
Jose A. Cacabelos Rico

Ante min, o secretario
Francisco Javier Novoa Juiz.

Concello do Grove